



# **Plan de Igualdade**

## **IES Luís Seoane**

## Índice

---

<b>1. Introducción.</b>	<b>3</b>
<b>2. Contextualización normativa e do centro.</b>	<b>3</b>
<b>3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.</b>	<b>4</b>
<b>4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan</b>	<b>5</b>
4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	5
4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero	5
4.3 Promoción do respecto pola diversidade afecto-sexual.	5
4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.	6
<b>5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos</b>	<b>6</b>
5.1 Organización do centro	6
5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.	6
5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.	7
5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.	7
<b>6. Seguimento e avaliación.</b>	<b>8</b>

## 1. Introducción

A pesares da crecente participación das mulleres en diferentes ámbitos (laboral, político, social, académico, etc.) e de logros e avances conseguidos en materia de igualdade, aínda continuamos sendo testemuñas de feitos e situacións cotiáns (violencia contra as mulleres, discriminación laboral, mantemento de roles tradicionais no reparto de tarefas domésticas ....) que amosan que falta moito para conseguir esa aspiración de igualdade real que perseguimos, polo que debe acompañarse de cambios ideolóxicos que fagan posible a súa autonomía con transformacións que permitan novos modelos de relacións de xénero.

A igualdade real e efectiva entre mulleres e homes debe ser para toda a comunidade educativa do noso centro un principio básico, un dereito e un deber fundamental, que debe ser exercido e controlado diariamente e, para estes efectos:

Nomearase unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.

Aplicaranse protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

Concretaranse os obxectivos coeducativos en materia de igualdade e de educación afectiva e sexual integral, que serán difundidos aos distintos membros da comunidade educativa a través dos plans do centro, para a súa información e sensibilización.

Promoverase unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero. Realizaranse distintas actividades dirixidas a todo o alumnado, especialmente co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 11 de febreiro, 8 de marzo e 17 de maio).

## 2. Contextualización normativa e do centro

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, preámbulo: "A educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais fins que se persegue é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas".
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, artigo 1: "Establécese como principio da educación o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero".
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, artigo 2: "O sistema educativo orientarase á consecución de determinados fins; entre outros, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres".
- Decretos de currículo que desenvolven estes principios.
- Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia

2016-2020, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero, proposto para impulsar o modelo de escola coeducativa pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional xunto coa Secretaría Xeral da Igualdade.

No Proxecto educativo do IES Luís Seoane, onde se define o modelo de centro, dentro do apartado "Valores", como centro pertencente á rede de Escolas Asociadas da UNESCO, recóllese:

### **2.1.6 Coeducación**

*O Instituto fomentará a convivencia igualitaria e libre de prexuízos entre os distintos sexos. Procurarase a práctica da tolerancia cero ante calquera manifestación ou actitude machista ou ante calquera falta de respecto á liberdade de opción sexual. Procurarase unha participación paritaria de homes e mulleres nas actividades do instituto e a utilización dunha linguaxe non sexista.*

### **2.1.9. Pluralismo e valores democráticos**

*A acción educativa estará centrada no respecto aos demais, na liberdade, no pluralismo, na solidariedade e cooperación, no diálogo, no respecto e no afán de superación.*

*Rexeitaranse todos os comportamentos discriminatorios por razón de sexo, clase social, etnia, crenza, lingua, opción política ou opción sexual.*

## **3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia**

No IES, o fomento da igualdade, o respecto á diversidade e á orientación sexual e a condena da violencia machista, trabállase ao longo do curso, dende actividades concretas nas Titorías, en conmemoracións nas que participa todo o centro, até nos distintos grupos de traballo que existen: grupo Neofem, Comité UNESCO, grupo de Mediación, club da ciencia, clubs de lectura, Equipo de Biblioteca, Viveiro de empresas, e o grupo de traballo de Proxecto Interdisciplinar.

Un claro exemplo pode ser os diferentes premios recibidos arredor da Igualdade:

- 1º Premio Nacional de Igualdade da fundación GSD ano 2018, polo proxecto "Obxectivo: Igualdade"
- 1º Premio Ernestina Otero Sestelo, do Concello de Pontevedra ano 2018, polo proxecto "NEOFEM Luís Seoane"
- 1º Premio Ernestina Otero Sestelo, do Concello de Pontevedra ano 2019, polo proxecto "Reseteando desde a Educación"

- Premio Carmen López Cortón da Consellería de Educación obtido no curso 2018-19 polo proxecto "Unha habitación compartida"
- Primeiro premio Igualdade "Ernestina Otero Sestelo" do Concello de Pontevedra 2022 polo proxecto "Igualdade desde a transversalidade"

Ademais, todos os cursos contamos coa presenza de técnicos de Querote+ que veñen ao centro para desenvolver o obradoiro de Educación Afectivo Sexual.

Ao longo do curso expóñense nos corredores do centro os traballos desenvolvidos polo alumnado, de xeito que toda a comunidade educativa pode ver os proxectos que se están a realizar.

Creouse a páxina web <https://igualdadeluisseoane.com/>

Na oferta educativa do centro existen dúas materias optativas de igualdade, "Igualdade de Xénero" en 2º da ESO" e "Coeducación para o século XXI" en 1º de Bacharelato.

Os grupos de Club de Lectura e Club de Ciencia do IES Luís Seoane promoven a participación das alumnas.

## 4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan

### 4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Establecer procesos de reflexión no centro encamiñados a desvelar as desigualdades existentes entre homes e mulleres.

Revisar a realidade do centro dende unha perspectiva de coeducación.

Analizar co alumnado como se constrúe a identidade de xénero, cuestionando os valores limitadores dos modelos de xénero tradicionais e as consecuencias da súa asunción. Sensibilizar as familias sobre o papel que xogan na socialización dos seus fillos e fillas e sobre a problemática arredor da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Favorecer as relacións de cooperación entre iguais fomentando a confianza e a empatía, evitando exclusións, competitividade ou rivalidade.

Impulsar o uso dos espazos de forma igualitaria e diversa sen estereotipos asociados.

Fomentar o uso de linguaxe non sexista.

Facer visible e recoñecer a contribución das mulleres nos diferentes campos da cultura, a política, a sociedade e a ciencia.

#### 4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

Promover actuacións encamiñadas á sensibilización, visibilidade e prevención da violencia de xénero.

Visibilizar e corrixir os casos de discriminación de xénero, condutas sexistas e inxustizas. Promover a detección precoz e a intervención ante posibles casos de violencia de xénero que se poidan dar no centro.

#### 4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

Establecer prácticas educativas correctoras de estereotipos.

Formar o alumnado en materia de autoestima e autonomía persoal, de maneira que estableza relacións de xénero respectuosas.

Propoñer recursos que permitan ao alumnado crenzas alternativas ás tradicionais.

Promover a detección precoz e a intervención ante posibles casos de falta de respecto á diversidade afectivo-sexual.

Visibilizar a existencia de diferentes modelos de relación afectivo sexual entre persoas, como medio de normalizar a convivencia respectuosa entre todos e todas.

#### 4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

Formar o alumnado en materia de autoestima e autonomía persoal, de maneira que estableza relacións de xénero respectuosas.

Promover a detección precoz e a intervención ante posibles casos de falta de respecto, intolerancia ou agresión por LGBTIfobia.

## 5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

### 5.1 Organización do centro

Dar a coñecer o Plan de Igualdade a toda a comunidade educativa a través do taboleiro de anuncios e da páxina web.

Revisar os documentos do centro, por se puidese existir linguaxe sexista ou escasa consideración no tratamento da diversidade.

Potenciar o uso de linguaxe inclusiva, non só a nivel escrito senón tamén a nivel oral. Nomear unha persoa responsable do Plan de Igualdade dentro do Consello Escolar.

Organizar actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das

datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 11 de febreiro, 8 de marzo, 17 de maio).

Manter o grupo de igualdade específico do centro, que se reúne todos os xoves no recreo, e organiza actividades durante todo o curso: NEOFEM Luís Seoane.

Buscar a equidade na representación dos órganos de intervención e decisión (Consello escolar, Xunta de delegadas e delegados...)

En relación á convivencia, potenciar a intervención do grupo de Mediación Escolar, contando co apoio da Xefatura de Estudos, titoras e titores e da persoa responsable do Plan de Igualdade, na resolución de conflitos, sobre todo cando na falta cometida poida entrar en xogo a desigualdade entre sexos.

## 5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

Analizar co alumnado como se constrúe a identidade de xénero, cuestionando os valores limitadores dos modelos de xénero tradicionais e as consecuencias da súa asunción.

Revisar as programacións e o material escolar dende unha perspectiva de xénero e respecto á diversidade, na que se eliminan reticencias que aínda poidan quedar, para comprender que educar en igualdade de xénero é igual de importante que educar en calquera materia.

Sensibilizar as familias sobre o papel que xogan na socialización dos seus fillos e fillas e sobre a problemática arredor da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Establecer unha canle de participación do alumnado como parte da construción da igualdade de xénero no centro, a través da súa participación no grupo de igualdade, a través das titorías e de enquisas regulares sobre a materia de igualdade.

## 5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo

O alumnado de igualdade reúne-se todos os xoves no recreo na aula de Info 5 e, cando é posible, no Comité UNESCO.

Créase un espazo coeducativo na biblioteca e foméntase a lectura de libros coeducativos a través do Equipo de Biblioteca e das cinco seccións do Club de Lectura coas que conta o centro. Impúlsase o uso dos espazos de forma igualitaria e diversa sen estereotipos asociados.

Foméntase a participación do alumnado de ambos sexos nas actividades extraescolares.

Proporcionase un lugar específico de coeducación no taboleiro de anuncios para publicación de novas, concursos, informacións,

estadísticas sobre violencia de xénero, creacións do alumnado en materia de diversidade afectivo sexual, etc..., para consulta de toda a comunidade educativa.

Creouse na web <https://igualdadeluisseoane.com/> un banco de recursos dixitais coa contribución dos departamentos.

#### 5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

Fomentar a empatía e aserción na vida do centro.

Realzar a importancia do bo uso das redes sociais en materia de igualdade e respecto á identidade afectivo-sexual.

Participación no programa Querote+ dentro do Plan Proxecta.

Impartir charlas informativas a cargo do CIM, asociacións relacionadas coa diversidade, ou de colectivos LGTBI.

Preparar o alumnado, non só para o mundo laboral ou académico, senón tamén para a súa inserción na sociedade e nas relacións persoais e familiares, formando persoas con proxectos vitais libres de prexuízos e estereotipos sexistas ou de xénero.

Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.

Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado, tanto no centro como na realización da fase de prácticas na empresa ou nas actividades complementarias, como parte da prevención de riscos laborais.



## 6. Seguimento e avaliación

Ao longo do curso realizarase un seguimento do Plan de Igualdade a través da persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar, en colaboración co grupo de traballo creado no centro para traballar a igualdade (NEOFEM) e do programa Iguala-T.

Tamén, desde o grupo de traballo de igualdade NEOFEM, realizarase unha nova enquisa sobre a situación real da igualdade na nosa comunidade educativa, para contrastar cos resultados obtidos na realizada hai un ano.

Ao final do curso valorarase:

- O grao de consecución dos obxectivos propostos para este curso.
- O resumo das actuacións realizadas.
- As dificultades atopadas.
- As propostas de mellora.

Pontevedra, 29 de xuño de 2022